

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

ÍNDICE

1.-INTRODUCCIÓN	Páx. 02
2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	Páx. 05
3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA	Páx. 10
4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS	Páx. 13
• 4.1 PROMOCIÓN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES	Páx. 13
• 4.2 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	Páx. 16
• 4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL	Páx. 23
• 4.4 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA	Páx. 25
5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN	Páx. 37
• 5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Páx. 37
• 5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES	Páx. 41
• 5.3.XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO	Páx. 44
• 5.4.INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	Páx. 45
6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	Páx. 50

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

1. INTRODUCCIÓN

O noso centro participa da inxerencia social que esperta toda a problemática relacionada coa diversidade. De xeito transversal, son moitas as actividades que ao longo destes anos se veñen realizando a prol da igualdade nos ámbitos que nos son próximos e que afectan á nosa comunidade educativa.

Especificamente, no ámbito da lexislación, o centro responde, como non podía ser doutro xeito, ás directrices seguintes que marcan as autoridades competentes:

- activación de protocolos ou medidas de intervención cando aparecen condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa (ANPA, Consello Escolar) en distintos actos e celebracións do centro.
- promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero en charlas ao alumnado, organizadas polo Departamento de Orientación.
- realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI). (Memoria DACE)

Con respecto aos documentos do centro e outras cuestións organizativas nos que explícitamente se fai referencia á igualdade engadimos os seguintes:

- O **Proxecto Educativo de Centro (PEC)** fai referencia explícita á coeducación no apartado segundo: **OS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS.**

“Coeducación: Traballaremos pola eliminación da discriminación contra a muller e na superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, practicando un tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc.”

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

- As enquisas realizadas no proxecto Suprime o Control contribúen a determinar o **diagnóstico da situación** da igualdade de xénero e da violencia machista no centro.

- Relacionadas coa formación en materias de **libre configuración** realízanse as seguintes actividades

- Programa **Club de Ciencia**. Desenvolto tamén en horario non lectivo para os cursos de 4º, 5º, 6º de EP e a ESO. Tamén nesta actividade buscamos intencionadamente a participación feminina.

- **Introdución da robótica na educación primaria** nos cursos de 4º, 5º e 6º, tanto de forma transversal como a través dunha hora de libre configuración, no que, como no caso anterior, preténdese que as nenas participen activamente.

- **Proxectos Europeos Erasmus+**, tanto K1 como K2, este último dirixido explicitamente a mellorar e potenciar as competencias científico tecnolóxicas nas nenas. Este proxecto realízase en cooperación con diferentes países e recentemente tivemos no noso centro a profesorado e alumnado galés e polaco. (Traballos completos na documentación do centro)

A nosa práctica educativa reflicte a preocupación e interese pola igualdade en **diferentes proxectos** que se realizaron no centro nestes últimos anos.

- **Dinamización da Lingua Galega ,“MULLERES”**, realizado polo E.D.L.G. do centro, en colaboración cos equipos de traballo docentes (Coordinacións de EI e EP, Departamentos de Secundaria, Equipo de Biblioteca, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo TIC´s) e non docentes (Equipo do Comedor, responsables da cafetería do centro), e coa participación da ANPA, do Concello, das familias do noso alumnado e das AAVV do concello de Valdoviño. No presente curso vai encamiñado a poñer en valor a tantas mulleres que foron referentes no mundo das artes, da ciencia e tecnoloxía, da gastronomía e da vida; mulleres que tiveron ou teñen un papel relevante na sociedade. (Traballo Completo na documentación do centro)

Queremos implicar ao centro e a comunidade no seu conxunto que teña repercusións futuras e que non remate neste ano académico, senón que se continúe no tempo.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

Temos claro que se realmente queremos acadar un cambio real e un impacto tanto dentro coma fora da escola, non podemos deseñar actividades puntuais. Precisamos un traballo intenso e prolongado no tempo. Un traballo dende distintas miradas, enfoques, e resultados. Queremos acompañar ao noso alumnado nun camiño as veces complicado. Queremos que perciban a realidade e o grave problema que temos na sociedade actual. Queremos que aprendan o respecto e a aceptación das diferenzas como algo positivo, que interioricen a igualdade entre as persoas como algo indiscutible e que asuman como propio o reto e a responsabilidade de acadar un mundo e unha sociedade mellor. Sociedade que comeza na súa casa, na súa aula, na súa escola....(Traballo Completo na documentación do centro)

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Neste apartado facemos referencia as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que xa figuran na documentación do centro:

- **Normas de Organización e Funcionamento:** No capítulo VIII do **NOF** queda recollido, no apartado de Deberes e Dereitos do alumnado, o seguinte:

“Dereitos:

-Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

- Non ser discriminados por razón de sexo, raza, relixión ou ideoloxía.

Deberes:

-Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.”

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

- No apartado do **PEC 2.3.6 Criterios para introducir a educación en valores nas distintas materias**, a igualdade está presente nos seguintes epígrafes:

“Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.”

“Desenvolvemento dunha actitude que identifique e rexeite a discriminación da muller e favoreza a educación para a igualdade.”

- **Plan de Acción Titorial:** Dentro do PAT figuran os seguintes aspectos relacionados explicitamente coa coeducación, igualdade de xénero e respecto a diversidade afectivo-sexual:

A) P.A.T. de EDUCACIÓN INFANTIL

Obxectivos específicos

Dende as tutorías de Educación Infantil, traballamos os seguintes obxectivos relacionados coa adaptación, actitude e socialización:

ACTITUDINAIS:

- Mostrar unha actitude positiva na relación co profesorado e o alumnado.

CONCEPTUAIS E PROCEDIMENTAIS:

- Coñecer e aplicar distintas estratexias de resolución de conflitos.

Actividades

Desenvolvemento de habilidades básicas de interacción social:

- Sorrir. Saudar. Pedir e facer favores.
- Habilidades para facer amigos: Cooperar e compartir. Pedir axuda. Unirse ó xogo de outros.
- Habilidades para expresar os sentimentos: Expresar emocións. Recibir emocións.
- Defender os seus dereitos.



PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

B) P.A.T. de EDUCACIÓN PRIMARIA

Obxectivos específicos

- Fomento da integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo
- Favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado priorizando a educación en valores e actitudes positivas a través das propias vivencias dos mesmos
- Priorizar a educación en valores a través da vivencia dos mesmos.

Contidos

a) INTEGRACIÓN E CONVIVENCIA

- Elaboración dunhas normas propias de aula. Organización e distribución de responsabilidades.
- Habilidades sociais:

- Pedir e conceder favores
- Saúdo
- Compartir
- Habilidades conversacionais
- Habilidades de solución de problemas interpersoais
- Expresar emocións e sentimentos
- Aceptar e rexeitar críticas
- Saber dicir no
- Saber escoitar, etc.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

b) -DESENVOLVEMENTO PERSOAL

-Autoconcepto e Autoestima

-Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.)

-Temas transversais:

- Educación sexual
- Igualdade entre os sexos

C) P.A.T. de EDUCACIÓN SECUNDARIA

Obxectivos específicos

- Fomento da integración e a convivencia do alumnado a nivel de grupo e de centro educativo
- Favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado priorizando a educación en valores e actitudes positivas a través das propias vivencias dos mesmos
- Priorizar a educación en valores a través da vivencia dos mesmos.

a)- Integración e convivencia

-Elaboración dunhas normas propias de aula.

-Habilidades sociais:

- Habilidades conversacionais
- Habilidades de solución de problemas interpersoais
- Expresar emocións e sentimentos
- Aceptar e rexeitar críticas
- Como formular queixas
- Saber dicir non

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

b) -Desenvolvemento persoal

-Autoconcepto e Autoestima

-Actitudes e valores (ante a diversidade, ante as persoas maiores, etc.)

-Temas transversais :

- Educación sexual
- Igualdade entre os sexos

Recursos

Contamos con axentes externos que colaboran na atención do alumnado en temas puntuais:

- Pesonal de Asfedro (Prevención da Saúde)
- Centro de Planificación Familiar de Ferrol (Educación Sexual)
- Persoal doutros centros (Información Académica e Profesional)
- Asociación Quérote
- Forzas Armadas
- Universidades
- Guardia Civil (Plan para a mellora da convivencia e seguridade escolar).

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

D) PLAN DE CONVIVENCIA:

No Plan de Convivencia do centro non figuran obxectivos coeducativos concretos, aínda que si se fai referencia a aspectos relacionados con valores e actitudes que favorecen a tolerancia e o respecto a todo tipo de diversidades, así como se fomentan o traballo cooperativo, a mediación, a solución pacífica ante os conflitos, o traballo na expresión de emocións no fortalecemento de autoestima...

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

Un Plan de Igualdade sólido e efectivo debe partir da realidade que vive o centro. Para elo é imprescindible realizar unha diagnose do centro, na que se analicen os aspectos positivos que xa existen, aqueles que se poidan mellorar, ou aqueles outros que non funcionan ben e se teñen que modificar. Os aspectos que valoramos son os seguintes :

A. En relación aos roles exercidos e espazos de representación ocupados por homes e mulleres na Comunidade Escolar.

O CPI de Atios está situado á beira da estrada que comunica Valdoviño con San Sadurniño, na Avda. de San Sadurniño nº 19 no lugar de Atios de Arriba . Está na parte alta do núcleo de poboación que forma a capital do Concello o que permite disfrutar dunha das mellores vistas da praia e lagoa da Frouxeira.

A comunicación cos núcleos de poboación máis próximos (Narón , Ferrol, Cedeira , San Sadurniño) é bastante boa no tocante á rede viaria pero precisa melloras en canto ao servizo de transporte público

O CPI de Atios, catalogado na Rede de Centros como centro de catro unidades de Educación Infantil , doce unidades de Educación Primaria e oito de ESO está a funcionar con seis unidades de Ed. Infantil, trece de Ed. Primaria e dez de ESO incluíndo o Programa de Diversificación Curricular de 3º de ESO.

O alumnado é 527 aproximadamente entre nenos e nenas. O profesorado está composto por 40 mulleres e 14 homes. Ademais contamos no centro con persoal non docente, todas son 6 mulleres e 1 home

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

O Equipo Directivo está formado por 3 mulleres e un home o que da visibilidade á maioría de mulleres no Claustro

A procedencia do noso alumnado é a seguinte: un 68% aproximadamente procede das parroquias máis próximas á capital municipal: Meirás, Lago, Valdoviño, Sequeiro, San Bartolo e Aviño e o 32% restante de Pantín, Vilarrube, Loira e Vilaboa. Este ano se incrementou o número de alumnado procedente de concellos próximos como Narón, Cedeira e Ferrol entre outros. Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas e teñen como lingua materna o galego nun 54%. Hai unha relación moi directa entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias; así, no seo de familias cunha composición estable e nivel cultural medio ou medio-baixo, prodúcense resultados escolares satisfactorios de rendemento escolar, do mesmo xeito que o alumnado con dificultades de aprendizaxe está adscrito a unha clase social baixa ou moi baixa, con problemas de estabilidade que supoñen carencias afectivas e de estímulos ambientais para os nenos e nenas.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades), como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios. En demasiados casos, é debido a motivos de traballo das familias, moito alumnado pasa o tempo de lecer só, a cargo de irmáns maiores ou de avós.

B.- En relación co sexismo lingüístico nos documentos do Centro.

Analizouse a linguaxe utilizada nos documentos do Centro (PC), Actas, circulares internas, comunicacións ás familias e ao alumnado e a Axenda Escolar. En todos os casos non se aprécia o uso abusivo do masculino xenérico para referirse a ambos os sexos. O xenérico inclusivo (profesorado, alumnado,...) no últimos curso obsérvase un aumento no seu uso.

En canto aos Libros de Texto e Materiais Didácticos, aínda que nos últimos anos víronse unha melloría no uso do feminino, segue habendo un abuso do masculino en moitos aspectos, tanto nas ilustracións, as imaxes como nos exemplos utilizados, aparecendo o feminino en contadas ocasións.

Existen representacións estereotipadas de homes e mulleres, sempre en detrimento de os valores, actividades e as contribucións das mulleres ao progreso da ciencia e a sociedade.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

C.- Actitudes ante cuestións de xénero por parte do profesorado

As actitudes que presenta o profesorado do centro en materia de igualdade son sempre de trato igualitario para ambos os sexos, con todo segue habendo tendencia a utilizar o masculino cando se dirixen a nenos e nenas e a elección dun neno á hora de trasladar obxectos pesados.

D.- En relación á distribución e uso do patio

Existe unha diferenza na repartición e uso dos espazos escolares diferenciada das nenas, en primaria e secundaria pois se aprecia unha relación de poder dos alumnos sobre as alumnas nun espazo libre, xa que son estes os que ocupan as pistas deportivas con raras excepcións e a medida que aumenta a idade a presenza feminina nestes espazos é practicamente inexistente. Tamén existe unha maior ocupación do patio central. Os espazos ocupados polas alumnas están reducidos ás zonas periféricas e zonas protexidas como patio da cafetería ou os bancos, As actividades que realizan tamén difiren, mentres os alumnos realizan máis actividades e xogos principalmente físicos, sobre todo fútbol. As nenas realizan xogos máis tranquilos, predominando os xogos tradicionais. En canto ás condutas agresivas e violentas tamén son maioritariamente masculinas.

Na Etapa de Educación infantil no uso dos espazos, a actividade desenvólta e as relacións que se establecen entre os nenos e as nenas son máis igualitarias.

E.- En relación coa repartición de tarefas e responsabilidades familiares.

Aínda que o trato é bastante igualitario cara a fillos e fillas. Segue habendo estereotipos que están aínda presentes nas familias véndose reflectido nalgunhas actividades, por exemplo, que aos nenos vístenos de azul e ás nenas de rosa, ou que estas son sentimentais e os homes non teñen dereito a chorar. Na repartición das tarefas familiares segue habendo unha porcentaxe maior nas de carácter doméstico que recae sobre todo na muller, mentres que nas responsabilidades económicas ou de solicitudes son asignadas ao home, por outra banda, a colaboración nas tarefas domésticas é lixeiramente maior nas nenas que nos nenos. O trato desigual cara aos fillos e as fillas reflíctese tamén na elección de distintos xoguetes. A súa eliminación é un factor importante para lograr a igualdade entre mulleres e homes.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS.

4.1. Promoción de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O indubidable avance nas políticas de igualdade contribuíu a reducir en gran parte a **fenda de xénero** na nosa sociedade, achegando formalmente os dereitos de homes e mulleres de forma non absoluta pero si significativa.

Este recoñecemento de avance indubidable na igualdade, nas sociedades máis desenvolvidas, non pode invisibilizar que aínda perduran elementos de desigualdade que debemos denunciar e dar visibilidade.

A tradicional e xeneralizada cultura patriarcal foi normalizando elementos de desigualdade que motivan as diferenzas que perduran. Coñécese como “**espellismo da igualdade**” a esta situación que non reconece as actuais desigualdades e confunde a igualdade formal coa igualdade real.

O espellismo reflicte que aínda se precisa de actuacións igualitarias que diagnostiquen e actúen sobre persistentes elementos de discriminación. A existencia do chamado “**teito de cristal**” describe as limitacións que impiden ás mulleres un pleno exercicio das súas potencialidades no ámbito do público e nos postos de toma de decisións.

As relacións interpersoais ao longo de toda a vida están empapadas por esta **socialización diferenciada e desigual**, naturalizando actitudes que en ocasións non detectamos como violentas ou inxustas. O concepto de **micromachismo** refírese a condutas sutís e cotiás que non se perciben como sexismo ou como violencia pero que constitúen verdadeiras estratexias de control ou microviolencias que atentan contra a autonomía persoal das mulleres. Son comportamentos e actitudes perfectamente lexitimados pola contorna social que enmascaran modelos de relación sexistas e a aceptación de privilexios de xénero que implican a **normalización e aceptación de relacións desiguais** e discriminatorias entre homes e mulleres.

A formación e a sensibilización fronte estas formas sutís de desigualdade e de violencia cara ás mulleres faise imprescindible nos centros educativos para prevela.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

É necesario desenvolver na nosa sociedade a perspectiva de xénero e así aprender a dar visibilidade e detectar actitudes sexistas de calquera nivel, xa sexan facilmente recoñecibles, como a violencia explícita, ou unha violencia menos visible, como é o sexismo benévolo ou os micromachismos. Faise preciso construír no seu lugar **modelos igualitarios de relación**.

Así, temos como obxectivos coeducativos a desenvolver a través deste Plan, entre outros que exporemos máis adiante:

- Fomentar a análise crítica da construción social de xénero e as súas repercusións na desigualdade e a violencia de xénero.
- Promover os valores de respecto e igualdade de dereitos e oportunidades para homes e mulleres.
- Facilitar o coñecemento e a identificación das diferentes manifestacións e tipos de violencia de xénero.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a gravidade e as consecuencias negativas que ten a violencia de xénero sobre as persoas que a sofren.
- Previr a aparición da violencia de xénero nos inicios das relacións de parella na adolescencia ou nas relacións de mocear.
- Reflexionar sobre modelos sans de relación de parella baseados na igualdade e libres de estereotipos e discriminacións por razóns de xénero.
- Promover entre a mocidade relacións de parella baseadas na igualdade, o respecto e a confianza mutua que preveñan, por si mesmas, a aparición da violencia de xénero entre persoas novas.
- Favorecer o desenvolvemento de estratexias de actuación fronte ás diferentes manifestacións da violencia de xénero e o coñecemento dos distintos recursos existentes en materia de violencia de xénero.
- Analizar as formas en que as desigualdades de xénero están aínda presentes na contorna educativa.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

- Proporcionar recursos específicos que favorezan a educación en e para a igualdade de oportunidades.
- Promover a prevención da violencia contra as nenas e as mulleres a través da educación emocional, a educación en valores e as relacións baseadas na igualdade e a non violencia.
- Facilitar a posta en marcha de accións e intervencións coeducativas específicas para fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes no ámbito educativo.
- Proporcionar pautas e recursos para detectar e intervir ante posibles casos de violencia de xénero.
- Implantar un modelo coeducativo que, en prol da igualdade, modifique os modelos organizativos do sistema, a súa estrutura, a súa organización, a súa ideoloxía e a propia práctica educativa.
- Loitar contra o androcentrismo presente no sistema educativo.
- Fomentar a reflexión crítica e o afán de cuestionar as discriminacións e desigualdades.
- Incluír a educación afectivo-sexual con perspectiva de xénero desde idades temperás, que cuestione os esquemas de relación entre os sexos e promova un trato igualitario.
- Deconstruír as identidades de xénero restritivas que se basean en estereotipos sexistas e que impiden unha forma libre de facerse home ou muller.
- Fomentar a autoestima das nenas e as adolescentes.
- Implicar aos nenos e os adolescentes na construción de modelos de masculinidade comprometidos coa igualdade e a non-violencia.
- Fomentar a resolución pacífica dos conflitos.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

4.2. Prevención, detección e intervención nos casos de violencia de xénero

É fundamental a sensibilización e formación da comunidade educativa para unha detección temperá da violencia de xénero. Para iso promoveremos este plan integral de actuación en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero, con actuacións específicas dirixidas a todos os seus membros.

A actuación das e dos profesionais da educación ante a violencia de xénero debe basearse no principio de responsabilidade cívica e non pode depender unicamente da sensibilidade individual ante o tema. Actuar adecuadamente ante unha posible situación de violencia de xénero é unha obrigaición e unha responsabilidade persoal e profesional. **A intervención profesional pode ser determinante para salvar unha vida.**

A actuación do centro educativo fronte a posibles situacións de violencia de xénero debe contemplar:

- Medidas educativas de concienciación e prevención.
- Actuacións e estruturas que faciliten a detección de posibles situacións de violencia de xénero no ámbito educativo.
- Un protocolo propio de actuación que guíe a intervención do centro.

Tendo en conta as dificultades que mostran as rapazas vítimas de violencia de xénero para recoñecer a súa propia situación e solicitar axuda para intentar saír dela é importante que atopen no centro educativo apoio e recursos que as animen e axuden a dar os pasos necesarios para superala. O principal elemento de apoio no centro educativo para chegar a recoñecer a propia situación e dar os pasos necesarios para iniciar a súa superación será contar coa proximidade e o apoio do profesorado do centro e a súa dispoñibilidade para ofrecer axuda e asesoramento desde a comprensión e o respecto.

Como detectar signos de violencia de xénero nunha alumna

Indicadores que nos poden facer sospeitar que unha alumna está sendo vítima de violencia de xénero:

- Falta de autonomía para tomar decisións.
- Non participa nas actividades extraescolares.
- Dependencia afectiva.
- Cústalle concentrarse no estudo ou no traballo.
- Diminución do rendemento académico.
- Illamento.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

- Posibles cambios de actitude.
- Ausencias inxustificadas.
- Condutas disruptivas.
- Mostra baixa autoestima.
- Mostra sinais físicos de lesións.
- Ten un consumo abusivo de alcohol ou drogas.

Signos de alerta para mozas

A inexperiencia e o ideal romántico do amor impiden á rapaza identificar determinados comportamentos ou actitudes da súa parella como abusivos e non detectan os sinais do que pode ser unha relación futura de violencia.

- Crítica a túa forma de vestir e/ou pensar.
- Prohíbeche ou non lle gusta que te maquilles.
- Enfádase si non lle avisas de que saes, de que saias sen el ou de non saber a onde vas.
- Compárate con outras mozas.
- Pretende anular as túas decisións.
- Moléstase si chamaches/saes cun amigo.
- Presiónate para manter relacións sexuais.
- Enfádase por cousas sen importancia.
- Berra ou te empuxa.
- Diche cousas que sabe que che feren cando discutides. Asústache cando se pon violento.
- Contrólache as chamadas/mensaxes do móbil ou do correo electrónico.
- Contrólache o diñeiro que gastas ou o que compras.
- Déixate plantada con frecuencia.
- Rise de ti diante dos teus/os seus amigos ou amigas.
- Acúsate de coquetear cando te ve con outros mozos.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS

2023-24

- Ameázate cando non fas o que el quere ou se lle dis que o vas deixar.
- Asústache dicirlle que non estás de acordo con el nalgo.
- Sentes que fagas o que fagas nunca é bastante para el.

Identificaste con estas situacións? Si a túa resposta é **SI**, pide axuda!

Signos de alerta para rapaz

Si es rapaz e es dos que...

- Non soportas ás súas amigas e prefires quedar sempre os dous a soas.
- Para conseguir o que queres hai veces que a fas sentir culpable.
- “Ponche dos nervios” que che leven a contraria.
- Serías quen de “calquera cousa” si ela che deixase.
- “Ás veces quéntaste” e danche ganas de pegarlle.
- Non soportas non saber o que fai ao longo do día.
- Necesitas saber todo o que din os seus colegas de ti.
- Intentas ter controlado o seu móbil para saber con quen fala.
- Tes a sensación de que te está provocando para que saltes.
- Non che fías do que che conta e compróballo.
- Cústache moito desculparte, máis si é ante a túa noiva.
- Sentes que como home tes que protexer ás mulleres. Non estás disposto a ocuparte das tarefas de casa.
- Todo o tempo te escapules e consigues que cho dean todo feito.
- Es ti quen toma as decisións importantes da parella.

Estache pasando? Reflexiona... trátase dunha relación baseada no dominio e o control que pode terminar en violencia. Pide axuda!

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

Signos de alerta para a familia

Como podo detectar signos de violencia de xénero na miña filla? Posibles indicadores aos que se debe prestar atención:

- Móstrase máis irascible.
- Hai tempo que non ve ás súas amigas, ou relaciónase menos con elas.
- Está todo o tempo coa parella.
- Cambiou a súa forma de vestir, xa non usa a mesma roupa.
- O seu nivel académico é menor que antes.
- O seu comportamento no centro escolar é diferente e o profesorado comentou o seu cambio de actitude en clase.
- Está moi centrada no móbil, no Instagram, Facebook e outras redes sociais de Internet, pero sobre todo coa súa parella.
- Antes ía a actividades de lecer ou deporte, pero desde que ten parella deixou de ir.
- A súa autoestima é bastante baixa.
- A súa relación coa familia deteriorouse, xa non existe tanta confianza como antes.

Indicadores observados no agresor

- Fala despectivamente, con estereotipos e prexuízos, e pode usar unha linguaxe violenta para referirse ás mozas e ás mulleres.
- Mostra comportamentos desafiantes, ata violentos. Participa nas pelexas habituais cos seus iguais.
- Ten actitudes e condutas prepotentes e dominantes.
- Despreza o feminino, sobrevalora o masculino e burlase dos seus iguais que considera menos.
- Ante un problema, un conflito, usa a violencia e enfádese facilmente si as cousas non son como quere.
- Mostra intolerancia á frustración e culpa a outras persoas.
- Actitudes de burla e falta de empatía cara ao sufrimento dos ou das demais.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

- Percibe os celos e o control como unha forma de amor.
- Menospreza a figura feminina e trata de humillar ás mulleres, especialmente á súa parella.
- Actitude proteccionista e paternalista coa súa parella.
- En debates pode chegar a xustificar a violencia do home sobre as mulleres.

Ante a evidencia ou a sospeita dunha posible situación de violencia de xénero que afecte a alumnado do centro, debemos contar cun protocolo de actuación que asegure:

- Actuar de xeito inmediato, evitando dilacións innecesarias.
- Avaliar os riscos e garantir a protección das vítimas.
- Adopción de medidas de carácter educativo co alumnado implicado.
- Preservar o principio de máxima confidencialidade.
- Non duplicar innecesariamente as intervencións.
- Derivar, en caso de ser necesario, aos recursos especializados.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Paso 1. Identificación e comunicación da situación

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de violencia de xénero exercida sobre unha alumna, ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da dirección do centro.

Paso 2. Actuacións inmediatas

Tras esta comunicación, reunirse o equipo directivo co titor ou titora do alumnado afectado, a persoa responsable de coeducación e a persoa ou persoas responsables da Orientación no centro, para recompilar toda a información posible sobre o presunto acto violento, analízala e valorar a intervención que proceda. A realización desta reunión deberá rexistrarse por escrito, especificando a información recollida e as actuacións acordadas. En todos os casos en que se estime que poida existir unha situación de violencia de xénero informarse do inicio do protocolo de actuación ao Servizo Provincial de Inspección de Educación. Coa finalidade de asegurar a necesaria coordinación institucional e procurar unha intervención integral ante estes casos, o director ou directora informará do inicio do protocolo de actuación aos servizos especializados en materia de violencia de xénero.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

Paso 3. Medidas de urxencia

No caso de estimarse necesario, adoptaranse as medidas de urxencia que se requiran para protexer á alumna afectada e evitar as agresións:

- Medidas para garantir a inmediata seguridade da alumna, así como medidas específicas de apoio e axuda.
- Medidas cautelares co agresor ou agresores, no caso de ser alumnado do centro, considerándose entre elas a non asistencia ao centro, se o caso o require.

Paso 4. Traslado ás familias ou responsables legais do alumnado

A titoría ou a persoa responsable da Orientación no centro, previo coñecemento da dirección, coa debida cautela e mediante entrevista, poñerán o caso en coñecemento das familias ou responsables legais do alumnado implicado, aportándolles información sobre a situación e sobre as medidas adoptadas.

Paso 5. Traslado ao resto de profesionais que atenden á alumna vítima de violencia de xénero

A dirección, coas reservas debidas de confidencialidade, protección da intimidade dos menores afectados e das súas familias ou responsables legais, poderá informar da situación ao equipo docente do alumnado implicado. Se o estima oportuno informará tamén a outro persoal do centro e a outras instancias externas (sociais, sanitarias ou xudiciais) en función da valoración inicial.

Paso 6. Recollida de información de distintas fontes

Unha vez adoptadas as oportunas medidas de urxencia, a dirección do centro solicitará a información necesaria relativa ao feito das diversas fontes que se relacionan a continuación:

- Recompilación da documentación existente sobre o alumnado afectado.
- Observación sistemática dos indicadores sinalados: en espazos comúns do centro, na clase ou nas actividades complementarias e extraescolares.
- Asemade, a dirección solicitará ao Departamento de Orientación ou Equipo de Orientación Educativa que, coa colaboración da titoría, complete a información. Isto farase, segundo o caso, observando ao alumnado afectado, contrastando opinións con outros compañeiros e compañeiras, falando co alumnado afectado ou entrevistando ás familias ou responsables legais do alumnado. Si se estima conveniente, completarse a información con outras fontes complementarias, tales como o persoal de administración e servizos, ou persoal dos Servizos Sociais correspondentes.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

Unha vez recollida toda a información, o dirección do centro realizará un informe cos datos obtidos, para o que contrastará a información aportada polas diferentes fontes. Neste proceso débense considerar os seguintes aspectos:

- Garantir a protección dos menores ou as menores.
- Preservar a súa intimidade e a das súas familias ou responsables legais.
- Actuar de xeito inmediato.
- Xerar un clima de confianza básica nos menores ou as menores.
- Recoller todo tipo de probas e indicadores.
- Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

Paso 7. Aplicación de correccións e medidas disciplinarias

No caso de que a persoa ou persoas agresoras sexan alumnos do centro, unha vez recollida e contrastada toda a información, procederase por parte da dirección do centro á adopción de correccións ás condutas contrarias á convivencia ou de medidas disciplinarias ao alumnado agresor implicado, en función do establecido no plan de convivencia do centro e a lexislación vixente.

Paso 8. Comunicación á Inspección Educativa

O dirección do centro remitirá asemade o informe ao Servizo Provincial de Inspección de Educación, sen prexuízo da comunicación inmediata do caso, tal como se establece no Paso 2 deste protocolo.

Paso 9. Medidas e actuacións a definir

O equipo directivo, co asesoramento da persoa responsable de coeducación, e a persoa responsable da Orientación Educativa no centro, definirá un conxunto de medidas e actuacións para cada caso concreto de violencia de xénero no ámbito educativo. Así mesmo, si se considerase necesario, poderá contar co asesoramento dos organismos correspondentes. Estas medidas e actuacións referiranse ás intervencións a realizar mediante un tratamento individualizado, coa alumna vítima e co alumno ou alumnos agresores. De maneira semellante, se o caso o require, incluíranse actuacións cos compañeiros e compañeiras deste alumnado e coas familias ou responsables legais. Analogamente, se contemplarán actuacións específicas de sensibilización para o resto do alumnado do centro. Todo iso, sen prexuízo de que se apliquen ao alumnado agresor as medidas correctivas recollidas no Plan de Convivencia.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

Con carácter orientativo, propóñense as seguintes medidas e actuacións para cada caso de violencia de xénero no ámbito educativo:

- **Actuacións coa alumna vítima de violencia de xénero:** actuacións de apoio e protección expresa e indirecta, actividades de educación emocional e estratexias de atención e apoio social, intervención individualizada pola persoa orientadora para a aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades sociais, de comunicación, autoestima e asertividade, e derivación, se procede, a servizos da Consellería competente en materia de protección de menores.
- **Actuacións co alumno ou alumnos agresores:** aplicación das correccións e medidas disciplinarias correspondentes estipuladas no Plan de Convivencia, actuacións educativas no aula de convivencia do centro, no seu caso, ou programas e estratexias específicos de modificación de conduta e axuda persoal, e derivación, se procede, a servizos da Consellería competente en materia de protección de menores.
- **Actuacións cos compañeiros e compañeiras do alumnado implicado:** actuacións de desenvolvemento de habilidades sociais, de comunicación, emocionais e de empatía, campañas de sensibilización para a igualdade de xénero e de prevención e rexeitamento da violencia, así como programas de mediación e de axuda entre iguais.
- **Actuacións coas familias:** orientacións sobre como axudar aos seus fillos ou fillas. No caso da vítima, orientacións sobre como abordar o feito no ámbito familiar e información sobre posibles apoios externos e recursos institucionais dispoñibles para recibir axuda psicolóxica e asesoramento xurídico. No caso do alumnado agresor, orientacións sobre como educar para previr, evitar e rexeitar todo tipo de violencia e, en especial, a violencia de xénero, e información sobre programas e actuacións para a modificación de condutas e actitudes relacionadas coa violencia de xénero.
- **Actuacións co profesorado e o persoal de administración e servizos:** orientacións sobre como intervir ante unha situación de violencia de xénero e como desenvolver accións de sensibilización, prevención e rexeitamento da violencia, así como actividades de formación específica. A dirección do centro responsabilizarase de que se leven a cabo as actuacións e as medidas previstas, informando periodicamente ás familias ou responsables legais do alumnado, e ao inspector ou inspectora de referencia, do grado do cumprimento das mesmas e da situación escolar do alumnado implicado.

Paso 10. Comunicación ás familias ou responsables legais do alumnado

Informarase ás familias do alumnado implicado das medidas e actuacións de carácter individual, así como as medidas de carácter organizativo e preventivo propostas para o grupo, nivel e centro educativo, observando en todo momento confidencialidade absoluta no tratamento do caso.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), advirte que **o acoso escolar por homofobia e transfobia é un problema universal** «implica a violación dos dereitos de estudantes e docentes e impide a nosa capacidade colectiva para obter unha Educación de Calidade para Todos» (2013:11).

Por outra banda, o dereito ao libre desenvolvemento da personalidade, así como a unha vida digna e libre de violencia, constitúe un dos principais dereitos humanos recoñecidos internacionalmente (Art. 5, 12, 22 e 26 da Declaración Universal de DDHH). Neste marco, **o dereito á educación sen discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero** atópase apoiado polos artigos 2, 28 e 29 da Convención sobre os Dereitos do Neno e nos Principios de Yogyakarta.

Si o prexuízo, a discriminación e a exclusión por homofobia e a transfobia son realidades presentes en todas as sociedades, reproducense, en maior ou menor medida, tamén nos centros educativos. **Ser ou parecer lesbiana, gay, bisexual, transexual ou intersexual ou non cumprir coas normas de xénero asignadas culturalmente a homes e mulleres son algunhas das causas máis frecuentes de acoso escolar:** motivan desde o insulto e a burla, ata a exclusión e a violencia física (Pichardo et. a o., 2014). Por iso, resulta de vital importancia non minimizar o problema invisibilizándoo ou tratando de xustificalo. Argumentos como «non hai mala intención», «ocorre en todas partes», «son cousas normais a esa idade» ou «non é para tanto», non só contribúen a perpetuar este tipo de condutas, senón que vulneran os dereitos do alumnado, como indica o Informe Internacional das Nacións Unidas sobre Violencia contra os Nenos (Pinheiro, 2006).

Por este motivo, a intervención fronte ao acoso escolar por homofobia ou transfobia é unha responsabilidade que o persoal docente e todos os membros da comunidade educativa deben cumprir e facer cumprir no desenvolvemento das súas tarefas, máis aló das crenzas ou ideoloxías persoais.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

Sabemos que o acoso escolar por homofobia e transfobia afecta directamente ás persoas agredidas, pero tamén o fai a quen agreden, a quen observan, ao centro educativo onde ten lugar e, como afirma a UNESCO (2013), ten graves consecuencias na educación e a aprendizaxe. Fronte a iso, non debemos perder de vista que a conduta e as actitudes do persoal docente, non docente e das persoas adultas en xeral é normalmente un exemplo a seguir para o alumnado: o silencio ou a pasividade fronte ao acoso escolar por homofobia ou transfobia convértenos en cómplices e lexítima o acoso como unha forma de relación social aceptable.

Así, este plan ten como principais obxectivos referidos a estes aspectos:

- **Informar:** Existe desinformación respecto da sexualidade, xénero, orientación sexual e identidade de xénero, o cal xera mitos, prexuízos e ideas erróneas. É necesario promover unha maior comprensión das diferentes formas de expresión do desexo e a identidade, e así favorecer os valores igualitarios e de liberdade asociados coa democracia como forma de vida, e a convivencia pacífica baseada no respecto aos dereitos humanos.
- **Sensibilizar:** Promover unha valoración positiva das diferentes formas de expresión do desexo e a identidade, como son a homosexualidade, masculina e feminina, a transexualidade, a bisexualidade e a intersexualidade así como todos os valores igualitarios asociados co xénero.
- **Visualizar:** A visibilización das persoas LGTBI é unha ferramenta fundamental para romper prexuízos e estereotipos. É importante, pois, nomear e visibilizar as situacións de LGTBIfobia, xa que non se loita contra as inxustizas que non se ven e o silencio convértese no principal cómplice da reprodución da discriminación.
- **Respectar:** Fomentar que os métodos, currículos e recursos educativos sirvan para aumentar a comprensión e o respecto de, entre outras, a diversidade de orientacións sexuais e identidades de xénero.
- **Protexer:** Os centros educativos deberían ser contornas seguras para todos os alumnos, independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero. O principal reto é, pois, combater as agresións que sofren as persoas LGTBI e fomentar o respecto pola diversidade sexual e de xénero a fin de que os mozos poidan construír a súa propia sexualidade e identidade de xénero nunha contorna acolledora e respectuosa.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

4.4. Prevención, detección e intervención nos casos de LGTBIfobia

Como membros da comunidade educativa, propoñemos ir máis aló da prevención, detección e erradicación do acoso por homofobia e transfobia para promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa, fomentando nos centros educativos o respecto da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero, ao mesmo tempo que se traballan e celebran todas as diversidades.

Recomendacións para previr o acoso escolar por homofobia e transfobia

1. Eliminar os prexuízos:

- Non presupoñer a heterosexualidade nin o xénero das persoas que che rodean: probablemente hai na túa contorna algunha persoa lesbiana, gay, bisexual, transexual ou intersexual (LGTBI).
- Hai moitos modos de ser heterosexual, homosexual, bisexual, transexual ou intersexual. Respéctaos.
- Non centres a túa atención e relación con persoas LGTBI exclusivamente na súa orientación sexual, identidade sexual ou a súa forma de expresar o xénero: existen moitas máis facetas da súa personalidade que non se deben ver eclipsadas.
- Recoñecer os prexuízos, mitos e falsas crenzas que hai sobre as persoas LGTBI en ti e ao teu redor.
- A homofobia e a transfobia afectan a todas as persoas, tamén ás persoas heterosexuais que non cumpren coas normas de xénero e sexuais hexemónicas. Como membros da comunidade educativa, propoñemos ir máis aló da prevención, detección e erradicación do acoso por homofobia e transfobia para **promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa**, fomentando nos centros educativos o respecto da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero, ao mesmo tempo que se traballan e celebran todas as diversidades.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

2. Coidar a linguaxe

- A discriminación entre homes e mulleres e por orientación sexual comeza tamén nas prácticas lingüísticas: **utiliza unha linguaxe inclusiva e non sexista** para que toda persoa que che escoite se sinta recoñecida de forma positiva no teu discurso. A linguaxe é rico e diverso, e esta pode ser unha excelente oportunidade para coñecer as posibilidades que ofrece.
- **Evita a linguaxe homófoba e tránsfoba.** Expresións como «maricón», «bollera», «travelo» ou «marimacho» non son inofensivas: aínda que non teñan intención de facer dano, son expresións que resultan ferintes para moitas das persoas que che escoitan e non deben permitirse en ningún caso.
- **Evita** falar sempre desde o punto de vista masculino (androcentrismo) e tratar ao resto de persoas coma se todas fosen heterosexuais (heterosexismo).
- **Respecta o desexo de cada persoa** a ser tratada co xénero co que se identifica.

3. Valorar os aspectos positivos da diversidade

- A diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero constitúe unha excelente **oportunidade educativa para construír outra escola posible** na que todas as persoas atopen recoñecemento e respecto. A diferenza permítenos aprender do distinto.
- **Evita** referirte aos demais, ás súas actitudes ou emocións con palabras como «normal» e «natural»: normal e natural é a diversidade humana.
- **Non defines ás persoas pola súa diferenza:** máis aló da orientación sexual, o xénero, a cor de pel, o peso, a estatura, as capacidades corporais ou a nacionalidade, todas as persoas temos en común que somos seres humanos.
- **Cuestiona os estereotipos e reflexiona sobre os conceptos e realidades** que asocias coa homosexualidade ou a bisexualidade: amor, respecto, diversidade, liberdade e igualdade.
- **Evita as etiquetas: encasíllannos e limitánnos.** O ser humano colore a sexualidade e o xénero de formas tan diversas e fluídas ao longo da súa propia vida que desborda os binarismos e as matrices pechadas.

PLAN DE IGUALDADE

CPI ATIOS 2023-24

